

Emprego

BASES REGULADORAS E AXUDAS ECONÓMICAS DIRECTAS PARA O FINANCIAMENTO DA OBTENCIÓN DO CARNÉ DE CONDUCIR A PERSOAS MOZAS DO CONCELLO DE LALÍN. PROGRAMA ConduceLalín 2024.

Primeiro.- OBXECTO E FINALIDADE

O obxecto da presente Convocatoria é a regulación, mediante concesión directa, de axudas económicas para a mocidade lalinense, dirixidas a sufragar parte dos gastos derivados da obtención de calquera tipo de Permiso de Conducir:

AM	ciclomotores de dous ou tres rodas e cuatriciclos lixeiros.
A1	motocicletas cunha cilindrada máxima de 125 cm ³ e potencia máxima de 11 kW.
A2	motocicletas cunha potencia máxima de 35 kW.
A	motocicletas e triciclos de motor.
B	autoriza para conducir os seguintes vehículos: Automóviles cuxa masa máxima autorizada non exceda de 3.500 kg que estean deseñados e construídos para o transporte de non máis de 8 pasaxeiros ademais do condutor. Conxuntos de vehículos axustados compostos por un vehículo tractor dos que autoriza a conducir o permiso da clase B e un remolque cuxa masa máxima autorizada exceda de 750 kg, sempre que a masa máxima autorizada do conxunto non exceda de 4.250 kg, sen prexuízo das disposicións que as normas de aprobación de tipo establezan para estes vehículos triciclos e cuatriciclos de motor.
B + E	conxuntos de vehículos axustados compostos por un vehículo tractor dos que autoriza a conducir o permiso da clase B e un remolque ou semirremolque cuxa masa máxima autorizada non exceda de 3500 kg.
C1	automóviles distintos dos que autoriza a conducir o permiso das clases D1 ou D, cuxa masa máxima autorizada exceda de 3500 kg e non exceda o 7500 kg.
C1 + E	autoriza para conducir os seguintes vehículos: Conxuntos de vehículos axustados compostos por un vehículo tractor dos que autoriza a conducir o permiso da clase C1 e un remolque ou semirremolque cuxa masa máxima autorizada exceda de 750 kg, sempre que a masa máxima autorizada do conxunto así formado non exceda de 12.000 kg. Conxuntos de vehículos axustados compostos por un vehículo tractor dos que autoriza a conducir o permiso da clase B e un remolque ou semirremolque cuxa masa máxima autorizada exceda de 3.500 kg, sempre que a masa máxima autorizada do conxunto non exceda de 12.000 kg, sen prexuízo das disposicións que as normas de aprobación de tipo establezan para estes vehículos.
C	automóviles distintos dos que autoriza a conducir o permiso das clases D1 ou D, cuxa masa máxima autorizada exceda de 3500 kg.
C + E	conxuntos de vehículos axustados compostos por un vehículo tractor dos que autoriza a conducir o permiso da clase C e un remolque ou semirremolque cuxa masa máxima autorizada exceda de 750 kg.
D1	automóviles deseñados e construídos para o transporte de non máis de 16 pasaxeiros ademais do condutor e cuxa lonxitude máxima non exceda de 8 metros.
D1 + E	conxuntos de vehículos axustados compostos por un vehículo tractor dos que autoriza a conducir o permiso da clase D1 e un remolque cuxa masa máxima autorizada exceda de 750 kg.
D	autoriza para conducir automóviles deseñados e construídos para o transporte de máis de oito pasaxeiros ademais do condutor.
D + E	autoriza para conducir conxuntos de vehículos axustados compostos por un vehículo tractor dos que autoriza a conducir o permiso da clase D e un remolque cuxa masa máxima autorizada exceda de 750 kg. Poderase solicitar unha soa axuda por persoa.

Segundo.- FINANCIAMENTO

As subvencións reguladas ao abeiro destas bases faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 2024.326.48900 ata un importe máximo de 15.000€, correspondente ao orzamento do Concello de Lalín para o ano 2024.



a presentes axudas quedan condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da Resolución da convocatoria, sendo posible a súa ampliación orzamentaria, no caso de que así o aprobe o órgano competente.

Terceira.- PUBLICIDADE

Estas bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO) e con posterioridade remitirase a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Cuarta.- PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN

O procedemento de concesión é o de concorrencia non competitiva, de acordo co disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que, de acordo coa finalidade e obxecto do programa, non resulta necesario realizar a comparación das solicitudes presentadas nun único procedemento senón que a concesión da axuda se realiza pola comprobación da concorrencia na persoa ou entidade solicitante dos requisitos establecidos ata o esgotamento do crédito orzamentario.

A concesión levarase a cabo baixo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Quinta. BENEFICIARIOS E REQUISITOS

Poderán resultar beneficiarias destas axudas as persoas que cumpran os seguintes requisitos:

- Ter cumpridos os 18 anos e non superar os 25 anos, no momento da solicitude.
- Estar empadroada/o no concello de Lalín, cunha antigüidade mínima de un ano, a contar desde a data de publicación da presente convocatoria.

- Estar en posesión de calquera clase de Permiso de Conducir, obtido entre o **1 de novembro do ano 2023 e o 31 de agosto de 2024**. A data de obtención determinará, exclusivamente, o permiso de conducir ou a autorización provisional para conducir.
- Ser titular dunha conta bancaria.
- Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias de calquera ámbito e da Seguridade Social.

Sexta. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Son obrigas das persoas ou entidades beneficiarias das subvencións as sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, en especial as seguintes:

- a) Estar ao día nas súas obrigas tributarias, estatais e autonómicas, e coa Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma nin co Concello de Lalín con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención, o que se acreditará coa declaración responsable, en aplicación do disposto no artigo 24.4 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, para os casos en que o importe da subvención non supere os 3.000 euros.
- b) Comunicarlle ao Concello de Lalín calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención.
- d) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- e) Non estar incursas en ningunha das circunstancias recollidas na artigo 13.2 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións

Sétima.- IMPORTE DAS AXUDAS

A axuda máxima a acadar será de 300€/persoa, segundo o establecido no seguinte cadro:

Tipo carnet	Importe máximo axuda
AM	150€/persona
A1	
A2	
A	
B	300€/persona
B + E	
C1	
C1 + E	
C	
C + E	
D1	
D1 + E	
D	
D + E	

Asignaranse todas as axudas solicitadas por rigoroso orde de inscrición e ata esgotar o crédito existente.

Unha soa persoa non poderá ser beneficiaria de dúas ou máis axudas reguladas polas presentes bases.

As achegas concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras que puideran obter as persoas beneficiarias, para a mesma finalidade, doutras administracións públicas ou calquera outra entidade de natureza pública ou privada. O importe total da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custo da actividade subvencionada. As persoas beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Lalín a concesión doutras axudas, no momento no que lle sexa notificado dito feito.

Oitava.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

O prazo de presentación de solicitudes será de **1 mes**, contado desde o día seguinte oa da publicación do extracto das presentes bases no BOPPO. A estos efectos, entenderase como último día de prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se este último día é inábil, entenderase prorrogado ata o primeiro día hábil seguinte. Se no mes de vencemento non existise día equivalente, entenderase que o prazo finaliza o derradeiro día do mes.

Novena.- SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

As solicitudes de subvención deberán presentarse no modelo normalizado de solicitude que figura como Anexo I.

Xunto coa solicitude, achegarase a seguinte documentación:

- **DNI ou NIE** orixinal e, en caso de representación, achegar autorización asinada pola persoa solicitante.
- **Certificado de titularidade de conta bancaria** con firma orixinal ou firma electrónica.
- **Copia do Permiso de Conducir ou copia da Autorización Provisional para Conducir**, expedida pola Xefatura Provincial de Tráfico, indicando a data da obtención/expedición do permiso. A copia do permiso de conducir será polas dúas caras. A solicitude deberá estar cumprimentada en todos os seus apartados e de forma lexible.
- **Declaración responsable de obrigatoria formalización** (Anexo II) onde se declare:
 - O conxunto de axudas solicitadas e/ou concedidas, para a mesma finalidade, de calquera outra entidade, pública ou privada.
 - Que non está incurso en ningunha das circunstancias que prohiben obter a condición de beneficiaria segundo o establecido nestas bases.
 - Que está ao día nas súas obrigas tributarias, estatais e autonómicas, e coa Seguridade Social
 - Autorización para comprobar a inexistencia, por parte das persoas

beneficiadas, de débedas con Concello de Lalín.

- Autorización ao Concello de Lalín para comprobar os datos de empadronamento, cunha antigüidade mínima de un ano, da persoa solicitante
- Que son veraces todos os datos reflectidos nesta declaración responsable.

En cumprimento do establecido na Lei 39/2015, de 30 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, presumirase que a consulta ou obtención de datos é autorizada polas persoas interesadas a non ser que manifesten a súa oposición expresa a que esta Administración realice as consultas que sexan imprescindibles para a comprobación dos datos.

A Solicitud ConduceLalín, anexo I, establece unha casilla para que a persoa solicitante, de forma expresa, manifieste a súa NON autorización ao Concello de Lalín a solicitar electronicamente a documentación e información requirida no ámbito da solicitude; nese caso, a persoa solicitante deberá achegar toda a documentación necesaria.

Ademais, poderá presentar calquera outro documento que se estime oportuno para acreditar a súa situación. No caso de que o solicitante non autorice ao Concello de Lalín a consulta dalgún dos seguintes documentos, será necesaria a súa achega para o trámite.

As solicitudes, irán acompañadas da documentación detallada na presente cláusula e presentaranse no Concello de Lalín a través da SEDE electrónica, ou calquera outro medio establecido na Lei 39/2015, de 30 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Décima.- EMENDA DAS SOLICITUDES

Se a solicitude non está debidamente cuberta ou non se presenta a documentación esixida, o órgano instrutor encargado da tramitación do expediente requirirá a entidade solicitante para que, no prazo máximo de dez

(10) días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que, de non o facer, se considerará que desistiu da súa solicitude, de acordo co previsto no artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, logo de que se dite resolución nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

A notificación dos requirimentos practicarase só por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo primeira.- INSTRUCCIÓN DO PROCEDEMENTO

A instrución do procedemento corresponderalle a un técnico/a do Concello de Lalín, quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución e pagamento, comprendendo as actividades descritas no artigo 24 da Lei 38/2003. Este técnico/a será nomeado/a polo alcalde e poderá ser asistido pola Intervención e a Secretaría Xeral do Concello.

No expediente de concesión das subvencións deberá figurar o informe do órgano instructor no que conste que da información que obra no seu poder se desprende que as persoas beneficiarias cumpren os requisitos esixidos.

Así mesmo, o informe deberá incluír as solicitudes obxecto de exclusión segundo os motivos que a continuación se relacionan:

- Presentar a solicitude fora do prazo establecido.
- Falta ou defecto na presentación de documentos solicitados e non emendados en data e forma.
- Non reunir os requisitos para ser posibles beneficiarias/os.
- Omitir ou falsear os requisitos ou datos requiridos nesta Convocatoria.
- Insuficiencia de crédito.



En ambos supostos, a resolución será motivada ao obxecto de que os solicitantes poidan facer uso dos recursos a que en dereito haxa lugar.

O órgano instrutor, á vista do expediente, elevará proposta de resolución á Xunta de Goberno Local, órgano competente para resolver.

Décimo segunda.- RESOLUCIÓN

A Xunta de Goberno Local resolverá o expediente de concesión de subvencións, previo informe de Intervención. A resolución de concesión indicará o importe concedido e emitirase atendendo ás manifestacións contidas nas declaracións responsables recollidas no formulario de solicitude, subscrita pola persoa ou entidade que a realiza, baixo a súa responsabilidade e coas repercusións que ten a súa falsidade reguladas na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

O prazo máximo para resolver e notifica-la resolución do procedemento non poderá exceder de 3 meses contados dende o día da presentación da solicitude. A notificación levarase a cabo de acordo co establecido nos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Sen prexuízo da obriga de resolver, de acordo co disposto nos artigos 21 e 22 da Lei 39/2015, o transcurso do prazo máximo sen terse notificado a resolución lexitima ás persoas interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

De conformidade co disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, publicarase a concesión destas axudas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

O Concello de Lalín notificará á Axencia Tributaria a relación de entidades beneficiarias das subvencións reguladas nas presentes bases e os importes concedidos.

Décimo terceira.- RECURSOS

As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpor recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa. Tamén poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditara a resolución impugnada, consonte o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa, e na Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo cuarta.- INCOMPATIBILIDADES

As axudas reguladas nestas bases son compatibles con outras subvencións ou axudas concedidas por outras administracións públicas.

Décimo sexta.- FORMA DE PAGAMENTO

No caso de que a persoa beneficiaria cumpra os requisitos esixidos, o pagamento das axudas farase nun pago único pola totalidade do importe concedido mediante transferencia bancaria na conta designada polas solicitantes, a partir da data da resolución de concesión sen que sexa necesaria a constitución de garantías.

En caso de incumprimento das obrigas contidas nestas bases, o órgano instructor iniciará de oficio expediente administrativo que, previa audiencia á persoa interesada, propondrá ao órgano que concedeu a subvención a iniciación de procedemento de reintegro dos fondos non xustificandos, xunto coa liquidación dos xuros de mora correspondentes.

Décimo sétima.- REINTEGRO DA SUBVENCIÓN

O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras, ou demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga da devolución total da subvención percibida, así como os xuros de mora correspondentes.



Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións aí como na Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Procederá a revogación da subvención así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora que correspondan, no caso de falsidade ou inexactitude na solicitude en base á que se formulou a resolución de concesión

Sen prexuízo de iniciar o procedemento de reintegro, as persoas beneficiarias poderán realizar en caso de incumprimento das obrigas establecidas, sen o requirimento previo do Concello, a devolución total ou parcial da subvención concedida, en concepto de devolución voluntaria da subvención.

En todo caso, a persoa beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, na cal conste a data do ingreso, o seu importe e a denominación da subvención concedida

As persoas beneficiarias das subvencións quedarán sometidas ás responsabilidades e réxime sancionador establecidos no título IV da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións así como na Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Décimo oitava.- CONTROL

O Concello de Lalín poderá levar a cabo as actividades de control que considere oportunas para comprobar o cumprimento das obrigas establecidas nas presentes bases.

Todas as axudas estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención do concello de Lalín, nos termos que establecen o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as bases de execución do orzamento municipal e o Real Decreto 424/2017 de 28 de abril

polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do sector público local.

DISPOSICIÓN FINAL

A participación na convocatoria suporá a aceptación destas bases reguladoras.

Para os supostos non previstos nas presentes bases serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de Execución do Presuposto do Concello de Lalín para o ano 2024, na Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006 do 21 de xullo.

Lalín setembro 2024

Avelino Souto Rozados

Concelleiro de Deportes e xuventude

